

A PESAR DE QUE PARECE SER SEMPRE A MESMA ACCIÓN, A LECTURA NUNCA É IGUAL. OS XEITOS DE LER CAMBIAN MOITO MÁIS RÁPIDO QUE AS MANEIRAS DE ESCRIBIR, PERO AÍNDÁ NON TEMOS TODA A CIENCIA NECESARIA PARA FACER AS MEDICIÓN. É SEGURO QUE AS LECTORAS E OS LECTORES DE HOXE MESMO, DESTE MESMO MES DE SETEMBRO, NON LEN IGUAL QUE O MES DE SETEMBRO DE HAI TRES ANOS. TODO MUDA E A LECTURA E AS SÚAS COMUNICACIÓN, TAMÉN. O QUE SI PERMANECE, A PESAR DOS CAMBIOS DE SOPORTES, DA VELOCIDADE DA VIDA, DAS REDES SOCIAIS E DOS AUDIOLIBROS, É QUE LER SEGUE SENDO O PRINCIPAL COMPORTAMENTO CULTURAL DA HUMANIDADE. BOTÁNDOLLE POLO BAIXO, LEVAMOS 5.000 ANOS CON EL. PRESTÉMOSLLE ATENCIÓN.

A SELIC 2021, QUE VOLVE A UNHA RÚA QUE FOI RÚA DE LIBREIROS E LECTURA, PRETENDE SER UN *FESTIVAL* PARA LER. PARA SABER QUE PASA NO CEREBRO CANDO AS PALABRAS DAN ELECTRICIDADE AO PRENDER ALGUNHAS DAS SÚAS PARTES. E TAL COMO SUCEDE COA LECTURA, NADA QUEDA FÓRA DUN VERBO TAN GRANDE PARA TRES LETRAS E AÍ VAN POR XUNTO NARRATIVA, POESÍA, TEATRO, ECONOMÍA, POLÍTICA, HUMOR, ORALIDADE, E TODO O QUE FAI QUE COMPOSTELA SEXA UNHA CIDADE PARA SER LIDA. MESMO ESOUTRAS EXPRESIÓN QUE NON SENDO LIDAS PRECISAN UN PROCESO DE COMPRESIÓN QUE MOITO SE PARECE Á *LECTURA*. COMO SE LEN AS IMAXES? COMO SE LEN AS ACCIÓN? COMO SE LEN AS VIDAS?

A ESPECIE HUMANA INVENTOU MOITAS FERRAMENTAS PARA DISTRAERSE, ADEMAIS DA CHAVE INGLESA. PERO NINGUNHA TAN DIVERTIDA COMO A LECTURA. NIN TAN PRÁCTICA. SEGUIMOS SEN ESTAR LIBRES DA PANDEMIA, PERO ALGUNHAS HORAS DESTA CALAMIDADE MELLORARON ALGO CANDO OS OLLOS ENTRARON EN RELACIÓN COAS PALABRAS COLOCADAS EN RINGLEIRA. DE TODAS ESAS PALABRAS QUERE OCUPARSE A SELIC. PORQUE NON É POSIBLE A REALIDADE SEN PALABRAS E TAMPOUCO É POSIBLE A FANTASÍA. ENTRE A REALIDADE E A FANTASÍA ESTÁ A LECTURA, ASÍ QUE VEÑA: MIRADE PARA AÍ.

## PROGRAMA

## OS LIBROS DA SELIC 2021

## VENRES (10/09)

- 17:00 ● **Carlos Negro / Benxamín Otero**
- 17:30 ● **Brindador\*s**  
Kike Estévez / Lupe Blanco
- 19:00 ● **Premios libros SELIC 2020**

## SÁBADO (11/09)

- 12:00 ● **Xurxo Mariño**  
Lectura e cerebro. Como modifican os libros as túas neuronas
- 13:00 ▲ **Arancha Nogueira**  
Instrucións para unha biografía
- 17:30 ● **Carlos Santiago**
- 19:00 ● **Traducións de premio**  
María Reimóndez / Celia Recarey / María Alonso Seisdedos  
Modera: Gabriel Álvarez

## DOMINGO (12/09)

- 12:00 ► **Roteiro. Compostela de ficción: illas e carruseis na cidade novelada**  
Berta Dávila (AELG)
- 12:00 ● **Concerto Magin Blanco**  
O que levamos nas maletas
- 17:30 ● **Poesía descentrada na literatura galega**  
Charo Pita / Laura Ramos  
Modera: Andrea Nunes
- 19:00 ● **Periodismo e ficción**  
Francisco Fdez. Naval / Teresa Seara / Xosé Manuel Pacho Blanco

1. *Estrita necesidade* Carlos Negro  
Alvarellos Editora
2. *O Brindo: a impro oral do Caurel*  
aCentral Folque
3. *Baleiro* Gabriel Gómez Estevez
4. *O novelo* Óscar Senra Gómez
5. *Partida salvada* Fernando Epelde  
Concello Santiago de Compostela  
Edicións Positivas
6. *Unha mente que voa* Xurxo Mariño  
Edicións Xerais
7. *La conquista del lenguaje: una mirada a la evolución de la mente simbólica* Xurxo Mariño  
Shackleton Books
8. *A mestra corremundos* Arancha Nogueira  
Cuarto de Inverno
9. *Ontoloxía poética* Carlos Santiago  
Editorial Carlos Meixide
10. *A historia de Mary Prince* Mary Prince  
BiVir
11. *A señora Dalloway* Virginia Woolf  
Irmás Cartoné
12. *Ulises* James Joyce  
Editorial Galaxia
13. *O cuarto de Jane* Charo Pita  
Editorial Caldeirón
14. *Rascamasseiras* Laura Ramos  
Editorial Caldeirón
15. *Clave de bóveda* Manuel Álvarez Torneiro  
Factoría K de Libros
16. *MemOria* Arturo Lezcano  
Editorial Doutor Alveiros
17. *Ulcis* Xosé Fernández Ferreiro  
Edicións Xerais

## PROGRAMA

## OS LIBROS DA SELIC 2021

## LUNS (13/09)

- 17:00 ► **Roteiro. Festina lente, canteiros e impresores en Compostela**  
Marcos Calveiro (AELG)
- 17:30 ▲ **Alberto Berzosa / Xosé Manuel Buxán**  
Percorrido pola escena underground dos anos 70 e 80 en España
- 19:00 ● **Entrevista Domingo Villar**  
por Camilo Franco

## MARTES (14/09)

- 17:00 ► **Roteiro. As pedras non esquecen**  
Andrea Barreira (AELG)
- 17:30 ● **Abellón**  
Xoán Xil / Mauro Sanín
- 19:00 ● **Premios Xerais**  
Conversa d@s autor@s

## MÉRCORES (15/09)

- 17:00 ► **Roteiro. Compostela Filmada**  
María Abelleira / Óscar Senra (MAOS)
- 17:30 ● **Encontro entre activistas e creadoras de Centroamérica e Galicia**  
Agareso / Coordinadora Galega ONGD
- 19:00 ▲ **Compostela no cinema**  
A adaptación de Doentes  
Gustavo Balza / Yolanda López / Paco Macías / Rober G. Méndez  
Proxección do filme *Doentes* (Gustavo Balza, 2011)

## XOVES (16/09)

- 17:00 ► **Roteiro. Emilia Pardo Bazán e Estela**  
María Abelleira / Óscar Senra (MAOS)
- 17:30 ● **Entrevista Esteban Hernández**  
por Luís Pardo
- 19:00 ● **Conversa sobre Pardo Bazán**  
María Canosa / M<sup>a</sup> Pilar García-Negro / Marilar Aleixandre  
Modera: Anna Figueiredo

18. *Cine y sexopolítica* Alberto Berzosa  
Editorial Brumaria
19. *Algúns contos completos* Domingo Villar  
Editorial Galaxia / Siruela
20. *O último barco* Domingo Villar  
Editorial Galaxia / Siruela
21. *Abellón. O libro negro das zoadeiras*  
Xoán Xil / Mauro Sanín  
aCentral Folque
22. *Coidadora* María Marco Covelo
23. *Afolha azul* Andrea Maceiras
24. *Santoamaro* Antonio M. Fraga  
Edicións Xerais
25. *Colección Defensora de Dereitos*  
Agareso
26. *As actas escuras* Roberto Vidal Bolaño
27. *Doentes* Roberto Vidal Bolaño
28. *Rastros* Roberto Vidal Bolaño  
Edicións Positivas
29. *Compostela no cinema* Yolanda López  
Consortio de Santiago  
Editorial Guiverny
30. *Así empieza todo* Esteban Hernández  
Editorial Ariel
31. *El tiempo pervertido* Esteban Hernández  
Ediciones Akal
32. *Emilia Pardo Bazán. Unha mente poderosa*  
María Canosa  
Editorial Bululú
33. *Galiza e feminismo en Pardo Bazán*  
M<sup>a</sup> Pilar García-Negro  
Alvarellos Editora
34. *Movendo os marcos do patriarcado*  
Marilar Aleixandre / María López Sández  
Editorial Galaxia

PROGRAMA

VENRES (17/09)

- 17:30 ● **Teatro descentrado**  
 María Ángeles Iglesias / Nee Barros  
 Modera: Iria Pinheiro Santos

- 19:00 ● **Entrevista Alfonso Espiño**  
 por Carlos Rego

- 19:30 ■ **Concerto Espiño**

SÁBADO (18/09)

- 12:00 ● **Pablo Otero “Peixe”**  
 Como se le a ilustración

- 17:30 ● **Paula Carballeira**  
 Contando como se conta

- 19:00 ▲ **A Desvértebra. Recital sonoro**  
 Ana Romani / Chus Silva

DOMINGO (19/09)

- 12:00 ► **Roteiro. Paseando coas Marias**  
 Carlos Labraña (AELG)

- 12:00 ● **Árbore azul**  
 Contacontos en movemento

- 13:00 ● **O Gabinete de curiosidades de lady Stoner**  
 Emma Pedreira

- 17:30 ● **Conversa sobre Lorca**  
 Henrique Alvarellos / Anibal Malvar

- 19:00 ● **Concerto a Central Folque**

OS LIBROS DA SELIC 2021

35. *Crónica dunha heterosexual insatisfeita*  
 María Ángeles Iglesias  
 Editora Urutau

36. *Identidade. A normalidade do non-común*  
 Nee Barros Fernández  
 Editorial Galaxia

37. *Compostela. Música moderna en Santiago (1954-1978)* Alfonso Espiño  
 Consorcio de Santiago

38. *Parece unha formiga* Pablo Otero  
 Kalandraka Editora

39. *E continuaremos a contar. A narrativa oral como ato de visibilidade e sobrevivencia*  
 Paula Carballeira  
 Através Editora

40. *A Desvértebra* Ana Romani  
 Chan de Pólora

41. *A árbore da escola* Raquel Senra  
 Kalandraka

42. *Os libros que hai en min* Emma Pedreira  
 Cuarto de Inverno

43. *Federico Garcia Lorca en Santiago de Compostela* Henrique Alvarellos  
 Alvarellos Editora

44. *Lucero* Anibal Malvar  
 Ediciones Akal

ROTEIROS SELIC\*

DOMINGO 12/09

- 12:00 ► **Compostela de ficción: illas e carruseis na cidade novelada**  
 Berta Dávila (AELG)  
 Saída: Biblioteca Ánxel Casal

LUNS 13/09

- 17:00 ► **Festina lente, canteiros e impresores en Compostela**  
 Marcos Calveiro (AELG)  
 Saída: Arco de Mazarelos

MARTES 14/09

- 17:00 ► **As pedras non esquecen**  
 Andrea Barreira (AELG)  
 Saída: Alameda  
 (estatua Maruxa e Coralia)

MÉRCORES 15/09

- 17:00 ► **Compostela Filmada**  
 María Abelleira / Óscar Senra (MAOS)  
 Saída: Pazo de Amarante  
 (Algalia de Abaixo, 24)

XOVES 16/09

- 17:00 ► **Emilia Pardo Bazán e Estela**  
 María Abelleira / Óscar Senra (MAOS)  
 Saída: Rúa Campiño de San Francisco  
 (entrada ao Cemiterio do Convento de San Francisco)

DOMINGO 19/09

- 12:00 ► **Paseando coas Marias**  
 Carlos Labraña (AELG)  
 Saída: Alameda  
 (estatua Maruxa e Coralia)

(\*) Prazas limitadas: 30  
 Inscrición obrigatoria:  
[paseos.compostela@maos.gal](mailto:paseos.compostela@maos.gal)

Registro dispoñible até o día previo a cada roteiro, indicando: roteiro, prazas solicitadas, nome e teléfono de contacto

LIBROS PARA PASEAR

45. *Carrusel*  
 46. *Illa decepción*  
 47. *O derradeiro libro de Emma Olsen*  
 Editorial Galaxia

48. *Festina lente*  
 Edicións Xerais

49. *Palabra de bruxa*  
 Editorial Galaxia

**PREMIO SELIC 2020** – DE CANDO EN VEZ ENTRO EN INTERNET PARA VER COMO ERAN AS COUSAS ANTES. VEXO COMO ERA COMPOSTELA ANTES. VEXO A ZONA VELLA ATEIGADA DE XENTE; SOBRE TODO NUN MES COMA NO QUE ESTAMOS, XULLO, OU AGOSTO. ATEIGADA DE TURISTAS, DE PEREGRINOS. RIADAS DE XENTE. AS TERRAZAS DOS BARES E RESTAURANTES DESBORDANDO XENTE A COMER, A BEBER. PARECEN FORMIGAS ATAREFADAS AO REDOR DO FORMIGUEIRO. OS CONCERTOS CON XENTE APERTADA A PULAR, A BAILAR, A RIR. PODO PASAR HORAS ASÍ, A OLLAR PARA ESAS IMAXES, PROPIAS DUN FILME DE CIENCIA FICCIÓN. SINTO UNHA FASCINACIÓN POLOS AMOREAMENTOS DE XENTE QUE NON SEI DE ONDE ME VÉN: COLAS DE XENTE, ATOAMENTOS DE TRÁFICO CON XENTE DENTRO DOS VEHÍCULOS, SUPERMERCADOS OU GRANDES ALMACÉNS CONXESTIONADOS EN PLENAS REBAIXAS CON XENTE A GASTAR DIÑEIRO COMPULSIVAMENTE, MANIFESTACIÓNS MULTITUDINARIAS CON XENTE ALPORIZADA. PODO PASAR HORAS ASÍ.

PERDO AS HORAS ASÍ SOBRE TODO OS DOMINGOS. OS SÁBADOS AÍND A TEÑO QUE FACER COUSAS: POLA MAÑÁ ENCARGAR A COMPRA, ALGÚN RECADO, IR AO CINEMA... PORÉN, OS DOMINGOS... ÉRGOME TARDE, ESPREGUIZO, DOU ALGÚN PASEO E RARA É A VEZ QUE NON ACABO DIANTE DA PANTALLA, A VER VÍDEOS DE HAI CASE CEN ANOS.

ÁS VECES BATO CUNHA CONTA QUE CONSERVA VÍDEOS DE COMEZOS DE SÉCULO, DA SÚA FAMILIA, DE CANDO OS AVÓS ERAN NOVOS. ESAS SON AS MIÑAS FAVORITAS: MERGULLARME NA VIDA DUNHA FAMILIA DE COMEZOS DE SÉCULO, CANDO TODO AÍND A ERA SINXELO. VER PEQUENOS VÍDEOS DE CANDO OS PAIS ERAN CATIVOS E DABAN OS SEUS PRIMEIROS PASOS, DE CANDO FORAN DE FIN DE SEMANA A LONDRES OU A ROMA, DE CANDO ÍAN TOMAR UNHAS CERVEXAS POR AÍ COAS AMIZADES... VIDAS SINXELAS E FELICES. NON CREO QUE ELES SOUBESEN O FELICES QUE ERAN.

O TIMBRE FAI QUE ME ASUSTE UN POUCO. ENSEGUIDA COMPRENDENDO: O REPARTIMENTO. CONTESTO E UNHA VOZ

CONFIRMA O QUE XA SEI. ABRO A PORTA, COLOCANDO O MEU MEDIO SORRISO PARA ENCARAR O REPARTIDOR. OLA, SAÚDO. BOA TARDE, AQUÍ TEN, DIME O REPARTIDOR. GRAZAS, SINATURA. ENSÍNOLLE O POLGAR E EL ESCANÉAMO. PRONTO. CHAU, CHAU.

LEVO O PESADO PAQUETE ATÉ A COCIÑA: O MEU ROBOT DE COCIÑA. É UN VELLO APARELLO DOS ANOS TRINTA PERO DO MELLOR QUE EXISTE NO MERCADO. MOI SIMPLE, ANALÓXICO, PERO CUN BO MOTOR E QUE FAI O TRABALLO QUE NECESITO: AMASAR, MONTAR, MESTURAR. CUSTOUME FERRO E FARIÑA ENCONTRAR UN, XA POUCOS QUEDAN, E FINALMENTE... ENCÁNTAME COCIÑAR. DE SEMPRE. XA CANDO ESTABA NA EMPRESA DE DEMOLICIÓN E SÓ TIÑA PASTA E CATRO COUSAS GUSTABA DE PECHARME NA COCIÑA E IMPROVISAR ALGO PARA OS MEUS COMPAÑEIROS DE PISO. AGORA, QUE XA PASARON CASE TRINTA ANOS DAQUELA ÉPOCA, OS MEUS PRATOS EVOLUCIONARON, CLARO. ENCÁNTAME COCIÑAR PORQUE É UN EXERCICIO DE ABSTRACCIÓN: TESTE QUE CONCENTRAR NO QUE ESTÁS A FACER PARA QUE CHE SAIA BEN, UTILIZAR AS CANTIDADES PRECISAS, CONTROLAR O TEMPO DE COCCIÓN, UTILIZAR PRODUTOS DE CALIDADE... CANDO ME METO NA COCIÑA A REALIDADE QUEDA FÓRA, NESAS HORAS SÓ IMPORTA O QUE TEÑO DIANTE, OS INGREDIENTES QUE VOU USAR, QUE VOU TRANSFORMAR. ESTA NOITE VAN VIR CEAR PERO E MARÍA. AMIZADES DE TODA A VIDA, XA DESDE A ESCOLA INFANTIL. GASPACHO, PESCADA RECHEA DE GAMBAS, XEADO DE MARACUXÁ. ALBARIÑO E LICOR DE HERBAS. POLO MENOS UNHA VEZ AO MES QUEDAMOS NA MIÑA CASA PARA PASAR UNHA VELADA DOMINICAL. XA NON LEMBRO CANDO NIN POR QUE COMEZOU ESTE COSTUME. GUSTO MOITO DE FACER DE ANFITRIÓN. PERO DI QUE SON UN COCIÑEIRO FRUSTRADO. A VERDADE É QUE NON, NON PODO IMAXINAR A MIÑA RUTINA CENTRADA NUNHA COCIÑA PROFESIONAL, EN DAR DE COMER A DESCOÑECIDOS, EN SER XEFE. EU GUSTO DE FACER DE COMER Á XENTE QUE QUERO. E XA.

**BALEIRO GABRIEL GÓMEZ ESTÉVEZ**

SELIC 2021

*FESTIVAL  
DALECTURA*

DO 10 AO 19  
DE SETEMBRO DE 2021

RÚA DO VILAR/  
PRAZA DAS PRATERÍAS

*LUGARES SELIC 2021*

- Rúa do Vilar
- ▲ Afundación
- Praza das Praterías
- ▶ Roteiros

*POSTOS*

- aCentral Folque
- Alvarellos editora
- Árbore Azul
- Bunker Books
- Carlos Meixide
- Consorcio de Santiago
- Cuarto de inverno
- Fundación Anselmo Lorenzo
- Irmás Cartoné
- Librería Lila de Lilith
- Librería Numax
- Librería Pedreira
- Patas de peixe
- USC. Servizo de Publicacións
- Librería Aenea

Se non fose posible celebrar as actividades da SELIC no exterior, poderedes visitar os postos e participar nas actividades na sede de Afundación na mesma rúa do Vilar